

Número 5 - Ano 2021.

ACTA

da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

15 de abril de 2021

Sendo as dez horas e sete minutos do día quince de abril de dous mil vinte e un; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense, por medios telemáticos, os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Local Sostible; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Rural e Deportes; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local e Emprego; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Incorpórase á sesión, logo da súa toma de posesión como concelleira, DONA SILVA ALONSO PÉREZ.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8733733660829659076.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 15-4-2021

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por Resolución da Alcaldía de data 12 de abril de 2021 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/49 TOMA DE POSESIÓN DE DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, COMO CONCELLEIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

2/50 PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE LUGO, SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 1/2021.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, étrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/49 TOMA DE POSESIÓN DE DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, COMO CONCELLEIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Alcaldía, do 12 de abril de 2021, do seguinte teor literal:

“Recibida neste Concello a credencial -expedida pola Xunta Electoral Central con data do 30 de marzo de 2021- na que se designa concelleira do Concello de Lugo a DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, en substitución por renuncia de don Miguel Ángel Couto Alonso, pola candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, ás eleccións locais do 26 de maio de 2019.

Presentada o día 9 de abril a documentación esixida no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de conformidade co previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica do réxime electoral xeral para os efectos da adquisición da súa plena condición de concelleira, procede a súa toma de posesión, de conformidade coa fórmula establecida no artigo 1 do Real decreto 707/1979, do 5 de abril.”

En virtude de todo o cal, DONA SILVIA ALONSO PÉREZ presta xuramento segundo a seguinte fórmula:

XURO

CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRA CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.

Finalizado a sesión plenaria, a Alcaldesa-Presidenta imponlle a Medalla da Corporación e faille entrega da insignia corporativa.

INTERVENCIÓNS

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois, como ben acaba de dicir, imos pasar á toma de posesión de dona Silvia Alonso Pérez para a súa adquisición da súa plena condición de concelleira no Concello de Lugo e formar parte desta Corporación. Así que lle cedo a palabra a dona Silvia para que xure ou prometa o seu cargo.

- **SILVIA ALONSO PÉREZ:** Grazas, señora alcaldesa.
Xuro cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois benvinda ao Concello de Lugo. En primeiro lugar quero mostrar a gratitude polo seu compromiso de formar parte desta Corporación, de formar parte do Goberno de Lugo, a sacrificar incluso a vida persoal para dedicarlle aos veciños e veciñas da nosa cidade, nun momento tremendamente difícil e complicado, pero nun momento tamén moi ilusionante para poder aportar e formar parte na reconstrución e reestruturación da nosa cidade tras esta crise sanitaria e, polo tanto, crise social e económica que nos toca vivir, contar coa túa intensa colaboración, co teu traballo, que non teño a menor dúbida de que será firme e moi comprometido, e polo tanto co teu bo facer (...) darlle a benvinda ao Excelentísimo Concello de Lugo para formar parte, como digo, desta Corporación nun momento que poderíamos estar compartindo presencialmente cos 25 compañeiros e compañeiras da Corporación, e tócanos pois facelo desta forma telemática, pero ao finalizar a sesión plenaria, faremos a imposición da medalla cos representantes das distintas forzas políticas que conforman esta Corporación. Moitas grazas polo seu compromiso xa de inicio, benvinda e moita sorte e acertos no seu quefacer durante os próximos vindeiros dous anos. Moitas grazas e benvinda.

- **SILVIA ALONSO PÉREZ:** Moitas grazas á señora alcaldesa e a todos os concelleiros da Corporación municipal presente *online* por acollerme así de ben nesta cerimonia que non deixa de ser bonita...

2/50 PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE LUGO, SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 1/2021.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8733733660829659076.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 15-4-2021

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) Proposta da Alcaldía, do 6 de abril de 2021, do seguinte teor:

“Asunto: Proposta de aprobación de Proxecto de Modificación do Orzamento do Concello de Lugo Suplemento de Crédito-Crédito Extraordinario Núm. 1/2021.

Importe: 3.983.822,06 euros

Destino:

- 2º Plan de reactivación da actividade económica no termo municipal de Lugo, para paliar os efectos do COVID19
- Prezo xusto dos bens e dereitos afectados con motivo da “Expropiación por Ministerio de Lei de distintas parcelas nas inmediación da Ronda das Mercedes
- Carbón activado Estación de Tratamento de Auga Potable
- Execución Sentenza Fábrica da Luz
- Mobiliario e equipamento Centro Social Interxeneracional Paco Martín
- Subvención Excepcional Rehabilitación Capela do Carmen
- Mobiliario e equipamento Novo Auditorio Municipal

Financiamento: RTGX

Mediante Decreto da Area de Economía número 1466/2021 do 26/2/2021 aprobouse a liquidación do Orzamento do Concello de 2020, na que se puxo de manifesto a obtención dun Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible por importe de 42.749.502,50 euros.

O Superávit en termos de contabilidade nacional segundo a normativa SEC95 se elevaba a 9.603.348,86 euros.

O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos seguintes expedientes:

- 2º Plan de reactivación da actividade económica no termo municipal de Lugo, para paliar os efectos do COVID19
- Prezo xusto dos bens e dereitos afectados con motivo da “Expropiación por

Ministerio de Lei de distintas parcelas nas inmediación da Ronda das Mercedes

- Carbón activado Estación de Tratamento de Auga Potable
- Execución Sentenza Fábrica da Luz
- Mobiliario e equipamento Centro Social Interxeneracional Paco Martín
- Subvención Excepcional Rehabilitación Capela do Carmen
- Mobiliario e equipamento Novo Auditorio Municipal

En consecuencia, e tendo en conta a aprobación dos expedientes de modificación orzamentaria tramitados, logo de ver o informe de Intervención Ref.: 2021/466 de data 6/04/2021 e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario (1/2021) por importe de 3.983.822,06 € co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód. Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO VI	Importe
21COVID19	24100.47900	2º Plan de Reactivación	1.060.000,00
21RT00001	15100.60001	Prezo xusto dos bens e dereitos afectados con motivo da "Expropiación por Ministerio de Lei de distintas parcelas nas inmediación da Ronda das Mercedes	498.645,90 €
21RT00002	16100.22199	Carbón activado ETAP	247.934,00
07XX0026	16510.62200	Execución Sentenza Fábrica da Luz	1.560.242,16
21RT00003	33000.62500	Equipamento Centro Social Interxeneracional Paco Martín	80.000,00
21RT00004	33600.78900	Subvención Excepcional Rehabilitación Capela do Carmen	70.000,00
21RT00005	93301.62500	Equipamento Novo Auditorio Municipal	467.000,00

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8733733660829659076.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 15-4-2021

		TOTAL	3.983.822,06 €
--	--	--------------	-----------------------

ESTADO DE INGRESOS. Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	3.983.822,06 €

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.”

B) Ditame favorable da Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, emitido na sesión celebrada o día 9 de abril de 2021.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario (1/2021) por importe de 3.983.822,06 €, co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód. Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO VI	Importe
21COVID19	24100.47900	2º Plan de Reactivación	1.060.000,00
21RT00001	15100.60001	Prezo xusto dos bens e dereitos afectados con motivo da "Expropiación por Ministerio de Lei de distintas parcelas nas inmediación da Ronda das Mercedes	498.645,90 €
21RT00002	16100.22199	Carbón activado ETAP	247.934,00
07XX0026	16510.62200	Execución Sentenza Fábrica da Luz	1.560.242,16
21RT00003	33000.62500	Equipamento Centro Social Interxeneracional Paco Martín	80.000,00
21RT00004	33600.78900	Subvención Excepcional Rehabilitación Capela do Carmen	70.000,00
21RT00005	93301.62500	Equipamento Novo Auditorio Municipal	467.000,00
		TOTAL	3.983.822,06 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	3.983.822,06 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois ten a quenda a concelleira do Goberno, a concelleira de Gobernanza, Paula Alvarellós, 3 minutos.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8733733660829659076.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 15-4-2021

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, alcaldesa. Bos días a todos e a todas, e especialmente á nova compañeira que hoxe se incorpora. Traemos para a súa aprobación o suplemento de crédito extraordinario 1/2021 por un importe de preto de 4 millóns de euros. Trátase de dar cobertura a unha serie de gastos no ámbito económico, social e cultural fundamentalmente para os que non estaba previsto o crédito, pero cuxa necesidade de cobertura considérase que non pode demorarse para ter unha axeitada atención das necesidades dos nosos veciños e veciñas.

Destaca pola súa situación que estamos a vivir e que está a vivir o noso tecido empresarial, o segundo plan de reactivación económica, por un importe superior a un millón de euros, o que supón o 1% do noso orzamento para este ano. É dicir, suporá a mobilización de máis dun millón de euros en axudas directas para autónomos e empresas afectados polas restricións sanitarias como consecuencia da pandemia que vivimos.

Como dixer, será o segundo plan de reactivación económica tras o Plan Reanima Lugo, dotado con 5.000.000 € e que, non o olvidemos, foi o primeiro que se puxo marcha en Galicia, o día 15 de marzo do ano 2020, do ano pasado.

Desenvólvese así, con esta partida, o compromiso do Goberno local de destinar o 1% do orzamento deste ano aos sectores máis afectados polas continuas restricións e peches como consecuencia da crise sanitaria.

Este segundo plan de reactivación establece dúas liñas de axudas directas a autónomos, microempresas ou pemes con domicilio fiscal no Concello de Lugo. Unha liña primeira, liña A, con axudas para aquelas empresas que foron obrigadas ao peche temporal total, que recibirán axudas de 2.000 e 1.500 € segundo o número de traballadores que teñan. E unha liña B con axudas a empresas obrigadas ao peche temporal parcial; a contía desta liña na que se inclúen todo tipo de comercios e axencias de viaxes principalmente é de 1.000 €. Na liña A sobre todo aténdense nesa categoría a hoteis, aloxamentos similares, establecementos de hostalaría e restauración, empresas vinculadas á cultura, ao deporte, entre outras.

As subvencións por tanto serán de 2.000, 1.500 e 1.000 € por beneficiario, dependendo, como dixer, do peche dos establecementos, se é total ou parcial, e segundo o número de empregados que teñan. Con estas axudas directas este Executivo reforza unha vez máis a súa aposta por manter os postos de traballo no noso municipio. É un dos nosos constantes compromisos, manter eses postos de traballo, estar sempre a carón de todo o tecido empresarial da nosa cidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e quenda agora para a portavoz de Cidadáns, 3 minutos.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moi bos días a todos e a todas, e en especial darlle a benvinda á nova concelleira Silvia, desexarlle moitos acertos, moito traballo e que iso sexa en beneficio de todos os lucenses.

Bueno, comezamos o debate; en primeiro lugar desde o Grupo Municipal de Cidadáns gustaríanos agradecerlle ao equipo de Goberno que por fin e con varios

meses de atraso decidise poñer en marcha unha nova partida para axudar aos sectores afectados pola crise do COVID. Despois de moitos peches, de restricións que afectaron de xeito dramático á economía de moitos negocios lucenses e tras moitas peticións e propostas por parte deste grupo, benvidas sexan, tarde pero máis vale tarde que nunca.

Porque parecía que entre as súas prioridades como Goberno local seguía a estar a propaganda e os anuncios e non o verdadeiramente importante, que é estar cos nosos veciños e tenderlles a man neste momento tan complicado. Agora só lles queda revisar a fiscalidade, tal e como tamén lles pedimos, e que se negaron afirmando que non era necesario.

Pero hoxe entre esta partida tan importante e necesaria engaden vostedes outras, outras que son o reflexo obxectivo da nula planificación orzamentaria. Así o dixemos no debate dos orzamentos e repetímolo hoxe. Cadraron vostedes as contas como uns malos contables, a machete. Bueno, para que o incremento do gasto público inmenso ao que vostedes están abocando esta Administración cadre cos ingresos que proveñen da súa maioría dos cartos de todos os lucenses que son os que son.

Están tranquilos vostedes porque contan cos recursos dos anos pasados, eses que non foron capaces de gastar porque non foron nin capaces de pintar os pasos de peóns. Pero non se esquezan de que estes tampouco son infinitos e neses orzamentos faltaban partidas e así o fixemos saber. Preguntamos pola posta en funcionamento do Centro Social da Piringalla, do Auditorio, da Fábrica da Luz, partidas que 4 meses máis tarde aparecen neste suplemento, partidas que xa sabían que ían ser necesarias pero que non contemplaron a pesar de incluír ademais un préstamo por non recoñecer que o capítulo de ingresos non pode soportar o seu ritmo de gastos e que seguen vostedes incrementando sen ningún tipo de reflexión. Porque despois de equipar o Centro Social da Piringalla haberá que dotalo de persoal, de servizos, que entendo que non serán gratis, pero sempre poderán facer contratos mensuais para a súa posta en marcha, como fixeron co Vello Cárcere, á marxe da legalidade aumentando mes a mes as facturas con reparo.

O mesmo acontece co Auditorio, que, logo de perdoarlle máis de tres millóns á Xunta para equipalo, recepciónano con deficiencias que nos custarán 400.000 € máis. Tería estado ben que antes de recoller as chaves do señor Feijóo pois comprobasen en que estado estaba este espazo. E logo haberá que darlle contidos; se pretenden gastar para os próximos anos 500.000 euros no Gustavo Freire, supoño que o novo Auditorio pois non será menos.

Por non falar da Fábrica da Luz, outro pozo sen fondo para este Concello. Pagaremos unha indemnización millonaria, froito do seu mandato anterior e logo de ter gastado un millón de euros na rehabilitación nos anos pasados, rehabilitación que como podemos observar cando pasamos por alí pois terá que ter unha importante posta a punto despois desa consulta popular para darlle un novo uso e que tampouco sairá gratis.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8733733660829659076.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 15-4-2021

Non lle arrendo a ganancia, señora Alvarellos, vaille resultar complicado igualar gastos con ingresos se a señora Lara Méndez segue nesa actitude súa de absoluta irreflexión e como se os cartos fosen infinitos.

Seguen vostedes levando a cabo obras e investimentos esquecéndose do verdadeiramente necesario...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e quenda agora para o portavoz do Partido Popular, 3 minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa.

Primeiro dar a benvida a Silvia Alonso e dicirlle que aquí nos ten ao Partido Popular para colaborar nestes anos en todo o que necesite para o ben da nosa cidade.

E tamén comezar a intervención de hoxe pedindo que espero que non lles moleste a vestimenta, os estampados que levemos ningún dos membros deste grupo, agardo o máximo respecto do mesmo xeito que levamos case unha semana agardando a recriminación pública polas palabras do presidente socialista da Deputación Provincial de Lugo por parte dalgúns membros desta Corporación, que nas pancartas defenden o feminismo pero na realidade permiten ataques machistas a deputadas do Partido Popular. Agardo que Lara Méndez, que Ana Abelleira, que Olga Racamonde, que Paula Alvarellos, e mesmo Maite Ferreiro recriminen publicamente as palabras machistas premeditadas e misóxinas do presidente da Deputación Provincial de Lugo, porque parece que non queren recriminar nin desautorizar publicamente o que agora é o macho alfa do PSOE lucense provincial. Só o señor Santos tivo a gallardía de facer unha recriminación pública.

Centrándome no asunto que nos trae hoxe a Pleno, dende o Partido Popular, como non pode ser doutro xeito, imos votar a favor desta iniciativa, unha iniciativa de sentido común, como de sentido común sería que no proxecto de orzamentos que presentaron hai 4 meses viñeran boa parte destas partidas porque sabían que ían ser necesarias.

Fixeron uns orzamentos totalitaristas que xa lles dixemos que non se adecuaban á realidade, xa lles dixemos que faltaban moitas partidas importantes para elas. A realidade é que catro meses despois teñen que emendar os seus propios orzamentos, 4 meses despois teñen que recoñecer que hai que pagar pola negligencia do Partido Socialista 2,4 millóns de euros de indemnización a unha empresa pola Fábrica da Luz. Pola negligencia do Partido Socialista pretenden que todos os lucenses paguemos 2,4 millóns de euros, e eu dígolle, señora Méndez, que nós votaremos a favor, pero isto é un préstamo, porque o que estamos desexando é que dunha vez por todas para de dar voltas e inicie o expediente para que sexan os políticos responsables, vostede mesma, señora Méndez, o señor Piñeiro e outros implicados, os que paguen do seu peto a indemnización que provocaron que pagásemos todos os lucenses. Isto só é un préstamo, teñen que pagar os que provocaron a indemnización ou de momento parece que están tecendo os seus fíos para librar de pagar esa indemnización, moito nos temíamos que ían estar facendo iso, porque a día de hoxe non prepararon nin un só papel nin fixeron nada para iniciar este expediente. Tamén era de sentido común hai 4 meses

preparar as partidas necesarias para poñer en marcha o Auditorio, non sabemos nin data de apertura nin sabemos o modelo de xestión, e, como digo, era de sentido común porque levan 4 anos enredando para abril.

E por suposto estamos a favor dun segundo plan de reactivación económica para o Concello de Lugo, votaremos a favor, gustaríanos ter participado, pero votaremos a favor. Só agardamos que estas axudas cheguen cando fan falta e no momento en que fai falta, non seis meses tarde ou sete meses tarde como as anteriores.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, pois iniciamos a segunda quenda. Minuto e medio para a portavoz do Goberno, para a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Señora Louzao, chegamos tarde? Eu creo que non, hai que lembrar os recursos deste Plan de reactivación, pero hai que lembrar o que fixemos co Plan Reanima. Pero non só este segundo Plan de reactivación e o plan Reanima, o Plan de dinamización de barrios e sectores, e xa non digo o fondo público emprendedor, que todo iso suma preto de 20 millóns de euros. Polo tanto, creo que tarde e por contía non se pode falar. Creo que non foi acertada a súa apreciación.

E, señor Ameijide, hoxe vimos aquí a outra cousa, vimos a aprobar este suplemento moi importante economicamente para a nosa cidade, non vimos aquí a postas en escena que pretenden facer nos últimos plenos, histriónicas, non vimos a iso. Aquí vimos, como lle dixemos, a establecer, a aprobar unha serie de gastos para o eido económico, o eido social e o eido cultural. Polo tanto, dito isto, quero facer, pola importancia que ten, aínda que parece unha pequena aportación 70.000 €, a importancia que ten a subvención excepcional por exemplo para a rehabilitación da capela do Carme. Creo que aquí se ve toda a forza que ten este Goberno e todo o apoio que ten a todos os eidos, incluso o cultural. A importancia desta partida é moi moi destacable, pola ubicación desta capela nesta cidade. O propio proxecto que ten este Goberno de dar unha saída e un acercamento aos nosos veciños...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, pois segunda quenda para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señora Alvarellos, tarde e mal, un ano despois, unha liña de axudas que puxeron en marcha en abril, que cobraron tarde os afectados e agora un ano máis tarde poñen en marcha outra liña.

Pero, mire, nós o que lle queremos dicir é que non podemos compartir este tipo de planificación nin este tipo de xestión, e non nos cansaremos de repetirillo. Estamos absolutamente convencidos de que o tempo nos dará a razón, como está sucedendo en moitas outras cuestións, porque os números non menten. O ano pasado gastaron 89 millóns de euros e ingresáronse só 82. E o vindeiro ano será peor polo gasto irracional provocado polas políticas de ocorrencia de propaganda de fotos da señora alcaldesa Lara Méndez.

Vostedes presentan este suplemento como un si ou un non ás partidas que son necesarias, que xa nos coñecemos, e ninguén o dubida. Pero o debate de atención

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8733733660829659076.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 15-4-2021

ten que estar sobre outro asunto, acerca do endebedamento crónico a que aboca este Goberno a esta cidade como resultado da inexistencia dun proxecto de cidade sensato e baseado en necesidades concretas e demandas prioritarias que non hipotequen as arcas municipais no futuro. Ese é o verdadeiro debate, ese é o debate que vostedes tratan de agochar día tras día.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, quenda agora para o portavoz do Partido Popular, señor Ameijide.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas.

Señora Alvarellos, non se poña nerviosa, non tiña ningunha dúbida de que vostedes só eran feministas de pancarta, pero que cando chega a hora da verdade de defender unha deputada do Partido Popular dos ataques misóxinicos e machistas do presidente da Deputación Provincial de Lugo, vostedes non ían estar aí. Dou as grazas de novo ao señor Santos, que foi o único que tivo a valentía, e vostedes non se atreven a pararlle os pés ao macho alfa do PSOE lugués.

Miren, a súa política, señora Alvarellos, é unha política moi sencilla: dou 1.000, 1.500 euros de axuda, pero por outro lado sigo cobrando impostos aos autónomos e empresarios desta cidade por servizos que non se utilizan. Un exemplo moi gráfico é que levamos ata en cinco ocasións pedido neste salón de plenos e nas sesións de comisións dende o Partido Popular exencións e bonificacións para a hostalaría, para o comercio, para o ocio nocturno e para as distribuidoras, e vostedes negáronse.

Un exemplo moi práctico é: os locais de ocio nocturno levan máis dun ano pechados, pagando a basura e pagando a auga, e vostedes séguenllos cobrando relixiosamente. É dicir, lévanlles cobrados a moitos locais máis de 1.500 € de auga ou de lixo e por outro lado agora danlles unha limosna de 1.500 € ou de 1.000 € para o seu negocio. Doulles por un lado o que lles roubo polo outro por uns servizos que nin sequera puideron empregar porque non puideron meter as chaves nos seus negocios para abrilos. Son impresentables ao non ter en conta esas bonificacións nin exencións que levamos pedidas ata en cinco ocasións dende o Partido Popular, uns impresentables neste sentido.

Pero, repito, votaremos a favor deste plan porque, aínda que non é a panacea, polo menos axudará algo. Pero vostedes deberían rectificar nesa proposta que lles faciamos dende o Partido Popular e que lles reiteramos por sexta ocasión neste Pleno.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. E quenda agora, última quenda para a portavoz do Goberno, señora Alvarellos, 30 segundos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Mire, señor Ameijide, non me vai levar vostede a outro tema que non sexa o que hoxe se plantexa aquí para a súa aprobación, e quero rematar recordando, pola gran importancia que ten para os nosos veciños, o seguinte: primeiro, o Plan Reanima, 5 millóns en axudas directas; segundo, Plan de reactivación, que se trae este suplemento, 1% do noso

presuposto tamén en axudas directas; terceiro, Plan de dinamización de barrios e sectores da cidade, 1.400.000 €; e, finalmente, fondo público emprendedor, 12 millóns de euros. Total: preto, como lle dixeran antes, de 20 millóns de euros, estes son os nosos números, esa nosa aposta por un Lugo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, señora Alvarellos. Señor Ameijide, parece ser que vostedes só escoitan o que queren escoitar, porque eu si teño manifestado e feito declaracións públicas e, por certo, trasladado tamén á señora Candia. Non sei se vostede o fixo persoalmente, pero eu trasladeille tamén a miña opinión ao respecto á señora Candia, porque cando un cre en algo por convicción, evidentemente, é o que defende sempre. E nós evidentemente a bandeira da igualdade levámola no ADN, señor Ameijide. E ademais agradecemoslle moitísimo que tamén se sumen á mesma porque é como conseguiremos realmente ter unha sociedade máis xusta, máis equitativa e máis igualitaria.

E para ter unha sociedade máis xusta, máis equitativa, hai que estar tamén á altura das circunstancias, difíciles circunstancias que estamos vivindo neste momento tan complexo desde un punto de vista económico derivado da pandemia sanitaria. E creo que ás veces nos olvidamos e creo que ás veces facemos as análises como se fose un ano normal o que levamos vivido ata a data, e creo que ás veces non somos capaces de ter esa altura de miras, incluso de focalizar todos os esforzos en reactivar a economía, porque é fundamental centrar o foco na economía sen deixar ninguén atrás.

Por iso a parte social é fundamental e por iso estamos facendo un gran esforzo de inversión, a pesar de buscar e de atopar un desequilibrio económico, que si, evidentemente, se disparamos os gastos e mermamos os ingresos, obteremos, pero xa iremos saneando. A Administración ten que estar ao carón de que o está pasando mal, a carón dos empresarios, a carón dos autónomos, o carón deses veciños e veciñas nosos dos nosos barrios que teñen a tenda, que teñen o ultramarinos, que teñen froitaría, que ten a zapataría, que ten a mercería, porque eles son os que reciben esas axudas, os que recibiron os cinco millóns do Reanima e os que van recibir este millón de euros, e os que van ser beneficiarios deses plans de dinamización, e os que foron beneficiarios tamén do asesoramento e formación que se lles deu, da reciclaxe que se lles deu, aqueles que están en ERTE que se lles está dando formación para que poidan ter oportunidades de traballo. E para paliar os traballos que estamos a perder, porque se van perder e xa é unha realidade que se perden postos de traballo, pero aquí e en toda España e en todo o mundo, porque a situación está sendo demoledora.

Que fixo o Concello de Lugo? Ser previsor, puxo en marcha o Lugo Transforma, un fondo de investimento con 12 millóns de euros para paliar precisamente eses postos de traballo que se van perder. E todo elo con máis de 20 millóns de inversión, tendo en conta o que citaba a concelleira de Economía, así como todos os plans de formación e asesoramento que estamos a levar a cabo. Máis de 20 millóns de euros que está destinando este Concello aos seus veciños e veciñas para botar unha man e saír desta situación reforzados; 20 millóns de euros que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac8733733660829659076.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 15-4-2021

supón case o 20% do noso orzamento, cando vemos que outras administracións non están a investir nin o 1%. Porque o 1% da Xunta de Galicia serían 116 millóns de euros e de momento fala de 75 ou 80 millóns. E a Xunta de Galicia percibiu diñeiro do Estado, diñeiro finalista, para paliar e axudar nesta situación económica. Nós non temos recibido nada de ningún goberno, todo o facemos con fondos propios. Pero facémolo pensando en Lugo e pensando nas nosas veciñas e nos nosos veciños, e aí nos terán ao Concello de Lugo e ao Goberno para axudarlles nun momento tremendamente complicado. Por iso o que hoxe aprobamos vai contribuír a aumentar esa porcentaxe de fondos destinados a paliar a situación tan difícil que estamos a vivir.

Vamos proceder entón á súa votación.

Finalizada a votación, a Alcaldesa-Presidenta, **DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ**, sinala: Reitero a benvida, e agora imos concluír o Pleno ordinario, pero imos trasladarnos ao despacho da Alcaldía para facer esa imposición da medalla á nova compañeira, que reiteramos o agradecemento, a benvida e a sorte que lle dedicamos todos.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as dez horas e trinta minutos do expresado día quince de abril de dous mil vinte e un, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.